




1 xente con xente



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística




Objetivos

Objetivos desta unidade:

- ❖ Como pedir ou dar información persoal
- ❖ Como describir persoas
- ❖ Como expresar gustos e sentimentos
- ❖ Como valorar persoas

Coñecemento do código

- ❖ Adxectivos e substantivos relacionados co físico e co carácter
- ❖ Verbo GUSTAR e outros que funcionan igual
- ❖ Frases interrogativas con onde, por que, que, quen...
- ❖ Frases interrogativas indirectas
- ❖ Colocación dos pronomes persoais átonos
- ❖ O condicional: algúns usos
- ❖ Acentuación nas interrogativas



Actividade introdutoria

Ligamos na clase

1. Rosa e Angélica buscan novas amizades, deixaron os seus datos nunha páxina web, matriculáronse nun novo curso... Nas fichas perdeuse información, pero a conversa pódete axudar a completalas.



Rosa García López

Gustos: Gústalle os animais. Non soporta o fume. Encántalle o risco e a aventura.
Odia

Costumes: Traballa.....
fai longas viaxes.

Afeccións: Colecciona libros de cociña.
Esquí e natación.

Manías: Leva sempre pantalóns.

Carácter: É moi desordenada. Ten moito sentido do humor.

Pedro García López

Gustos: Non soporta a xente que fala moito.
Encántalle a soidade. Gústalle a música clásica.

Costumes: Érguese moi tarde.

Afeccións:

Manías: Leva sempre roupa deportiva.

Carácter: É moi serio e un pouco tímido.

Xaime Garrido Estéban

Gustos: Encántalle viaxar co seu grupo. Gústalle camiñar e a música folk.

Costumes:

Afeccións:

Vai ao cine sempre que pode.

Manías: Chamar a súa nai antes dun concerto.

Carácter: É moi tranquilo e falador.

Angélica Morales Pérez

Gustos: Non soporta a os homes machistas nin a os maniáticos.
Encántalle

Costumes: Leva unha vida moi ordenada.

Afeccións:

Lectura e paseos en bicicleta.

Manías: Ducharse antes de deitarse.

Carácter: É moi alegre e xenerosa.

Fernando Álvarez Santos

Gustos: Encántalle a cociña italiana.

Costumes: Ten

e xoga moito con eles na casa.

Afeccións: Colecciona selos. Sae só as fins de semana.

Manías:

Carácter: É alegre e simpático.

2. Enche a túa ficha persoal e despois comenta cos teus compañeiros e compañeiras as seguintes cuestións: cres que ligarán? Quen che cae mellor a ti? Con quen te levarías ben e por que?

"Eu levaríame ben con Rosa porque a min tamén me gustan os animais".

"Pois a min non me cae ben porque é moi desordenada".

Gustos:

.....

Costumes:

.....

Afeccións:

.....

Manías:

Carácter:

.....

Agora ti:

Eu levaríame ben con _____ porque _____

Creo que a Rosa lle gusta _____ porque _____

Eu...



Gramática e Léxico

Prácticas guiadas

POSPRETÉRITO

Fórmase co infinitivo máis as terminacións *ía* / *ías* / *ía* / *íamos* / *iades* / *ían*

ANDAR

andar**ía**
andar**ías**
andar**ía**
andar**íamos**
andar**iades**
andar**ían**

VARRER

varrer**ía**
varrer**ías**
varrer**ía**
varrer**íamos**
varrer**iades**
varrer**ían**

PARTIR

partir**ía**
partir**ías**
partir**ía**
partir**íamos**
partir**iades**
partir**ían**

(eu) levaríame
(ti) levaríaste
(el, ela, vostede) levaríase
(nós) levar**í**ámonos*
(vós) levar**í**ádesvos
(eles, elas, vostedes) levaríanse

*Pérdese o *-s* da forma verbal ao ir seguido do pronome da mesma persoa.

OLLO!

FACER

fari**a**
fari**as**
fari**a**
fari**amos**
fari**ades**
fari**an**

VERBO GUSTAR

GÚSTAME + INFINITIVO (gústame tocar a gaita)

SUBSTANTIVO EN SINGULAR (gústalle a cociña italiana)

GÚSTANME+ SUBSTANTIVO EN PLURAL (gústanche os deportes de risco)

(a min)	GÚSTAME
(a ti)	GÚSTACHE
(a el, ela, vostede)	GÚSTALLE
(a nós)	GÚSTANOS
(a vós)	GÚSTAVOS
(a eles, elas, vostedes)	GÚSTALLES

Verbos frecuentes que funcionan como **GUSTAR** e que levan os mesmos pronomes:

Caer ben/mal
Encantar
Emocionar
Molestar
Preocupar moito/pouco
Interesar moito/nada
Poñer nervioso/triste
Dar risa/medo/pena

1. Escribe varias frases usando un elemento de cada columna.

1

A min
A vós
A Luís e a Pedro
A ti
A Ramón
A Rosa e a min

2

cae mal
dan medo
gustan
interesa
preocupa
divirte

3

che
nos
vos
lles
lle
me

4

as películas de terror
ir de compras
o terrorismo
a informática
Pedro
as viaxes



1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____



Busco alguén que...

12. prefira a cervexa ao viño
13. toque algún instrumento musical
14. cante unha canción en galego
15. a súa cor preferida sexa a azul
16. lle guste a música galega
17. poida contar un chiste en galego
18. lle guste o cine
19. teña unha tatuaxe
20. saiba arranxar un electrodoméstico

Nome do teu compañeiro ou da túa compañeira

Xaime
Rosa, Angélica, Xaime

B Preséntalle ao resto do grupo as persoas que atopaches.

"Esta é ..., é galego/a e ten catro irmáns, que se chaman...".



INTERROGATIVAS DIRECTAS

- COMO te chamas?
- CANTOS idiomas falas?
- ONDE vives?
- QUE tipo de cine che gusta?
- CAL é a túa cor preferida?

INTERROGATIVAS INDIRECTAS

- Gustáriame saber ONDE vives
- Quería saber CANDO é o teu aniversario
- Queríamos saber SE tes fillos
- Quería saber SE vas casar axiña

3. Pasámoslles a transcripción da audición da actividade introdutoria. Marca os pronomes persoais e di onde están situados con respecto ao verbo e por que.

COLOCACIÓN DO PRONOME PERSOAL ÁTONO NA FRASE

Posposto ao verbo

- Nas frases afirmativas

Chámome Rosa.

Anteposto ao verbo

- Nas frases negativas

Non me gusta o fútbol.

- Nas frases interrogativas

Como te chamas?

- Nas frases exclamativas

Quen me dera!

- Nas frases dependentes doutras, introducidas por conxuncións que, porque, como, xa que...

Non me cae ben porque non lle gustan os deportes.

4. Estes pronomes perdéronse. Axúdalles a atopar o seu sitio.

lles

vos

nos

me

lle

lle

A Sara molesta a xente que fuma.
 A meus pais dá medo viaxar en avión.
 A min gusta a xente alegre.
 Á miña veciña e a min encanta a paella.
 A Xoán non cae ben María.
 A Luís e a ti gusta o teatro.



5. Buscamos os desaparecidos.

É inverno. Perdéronse os pais de Fernando. Angélica está desesperada, xa que é ela quen se encarga de coidalos. Rosa, que tamén os coñece, pídevos que lle botedes unha man para atopalos.

A Pedídelles a Angélica e a Rosa información sobre os desaparecidos:

Dúas das alumnas poderán facer de Angélica e Rosa, poñeranse de acordo primeiro para saber como son os desaparecidos.

Como se chama a señora que desapareceu?

Canto mide/pesa?

Ten sinais na cara?

Como vai vestido?

Cantos anos ten?

Como leva o pelo?

O señor, leva bigote?

...

Estas fichas co vocabulario poden ser útiles:

Corpo: guapo/a, feo/a, delgado/a, fraco/a, gordo/a, forte, esvelto/a, rexo/a, alto/a, baixo/a, barrigudo/a, corpulento.

Cor da pel: moreno/a, pálido/a, branco/a de pel.

Cor do pelo: moreno/a, louro/a, roxo/a, negro, castaño claro, castaño escuro, cincento, tinguido, brillante.

Forma e tipo de pelo: abundante, mesto, raro, liso, crecho, ondulado, longo, curto, solto, recollido, enguedellado, cola de cabalo, moño, trenza, perruca, raia ao lado, raia ao medio, calvo/a, entradas, bigote, barba, perilla, sen afeitar, patillas.

Cara: redonda, alongada.

Sinais na cara: olleiras, engurras, cicatriz, pencas, lunares, manchas, verrugas.

Boca: grande, pequena, redonda, labios (carnosos, estreitos, finos, grosos), con/sen dentes, con/sen dentadura postiza.

Nariz: afiado, aquilino, chato, ganchudo, grande, pequeno, recachado, recto, saínte, torto.

Ollos: claros, escuros, azuis, verdes, castaños, grises, negros, grandes, pequenos, redondos, xuntos, separados, fundidos, saltóns, birollo, chosco.

Cellas: poboadas, finas, xuntas.

Pernas: canchés, trencos, tolleito.


Carácter: covarde, teimudo/a, riseiro/a, nervioso/a, alegre, triste, simpático/a, sociable, túzaro/a, falador, faladora, calado/a, valente, optimista, comprometido/a, progresista, conservador, conservadora.

Roupa: abrigo, cazadora, zamarra, camisa, gravata, xerse, saia, vestido, pantalóns, chaqueta, chubasqueiro, gabardina.

Calzado: botas, zapatillas, zapatos, zocos.

Complementos: sombreiro, gorra, pucha, viseira, pano da cabeza, pano do pescozo, bufanda, gorro, bolso, mochila, caxato, luvas, lentes, paraugas.

B Facede unha ficha de cada un.



Datos do/a desaparecido/a:

Idade:

Peso:

Estatura:

Corpo:

Cor da pel:

Cor do pelo:

Forma e tipo de pelo:

Cara:

Sinais:

Boca:

Labios:

Nariz:

Ollos:

Cellas:

Pernas:

Carácter:

Roupa:

Calzado:

Complementos:

C Facede un cartel para pegar polas rúas cos datos dos desaparecidos.

ACENTUACIÓN NAS INTERROGATIVAS DIRECTAS E INDIRECTAS

Cal, cando, canto, como, onde, que e quen non se acentúan en interrogativas e exclamativas directas:

Como te chamas?

Cando é o teu aniversario?

Cantos fillos tes?

Que cedo chegastes!

Tampouco se acentúan as formas do interrogativo e exclamativo cando introducen interrogativas indirectas:

Pregúntalle onde vive.

Pregúntalle cal prefire.

Agás cando é preciso para evitar posibles anfiboloxías (palabras que poden ter máis dun sentido):

Dille qué queres/dille que queres.

Xa sabes cánto lle custou/xa sabes canto lle custou.



REPARA na acentuación:

levaría

levarías

levarían

levaríamos e non levaríamos

levaríades e non levaríades

1. Fíxate cando usaches o pospretérito no exercicio 2 de "Ligamos na clase" e comproba que acentuaches ben.
2. Máis adiante, no exercicio 8, de "Entrevista a unha persoa famosa" terás que usar o pospretérito outra vez. Ollo cos acentos!





Galego en acción

Entrevista unha persoa famosa

1. Coñeces as persoas das fotografías?

2. Imos ler unha entrevista feita a unha destas persoas. Cal das fotografías pode ser a da persoa entrevistada? Discúteo cos teus compañeiros e compañeiras.



Antón Reixa



Cristina Pato



Manuel Rivas



3. Pero un virus entrou no ordenador e borrou as preguntas, podes reconstruílas?

(Título) _____

ENTREVISTA

Pregunta: _____

Resposta: Nunca podes decidir sobre que vas escribir... A situación na que se escribe sempre marca a obra.

P: _____

R: Para min resulta máis fácil escribir na aldea.

P: _____

R: Non me interesa falar dun feito histórico, cando é como se produciu unha guerra. Non quero falar do amor como se fala nun anuncio publicitario, o que quero é encarnar eses sentimentos e concretalos.

P: _____

R: Penso que é un dos labores máis bonitos que pode levar adiante a literatura, o de recuperar o sentido destas palabras, de darlles un sentido.

P: _____

R: Creo que todos os xornalistas somos escritores. O xornalismo ten moito en común coa literatura e temos moitos exemplos na literatura galega nos que estas dúas facetas están presentes: Curros Enríquez, Castelao, Álvaro Cunqueiro... son exemplos de harmonía e de mestura.

P: _____

R: A min gústame moitísimo o cine, é unha arte que está moi vencellada á literatura. Hai moitos casos en que detrás dunha película hai unha novela. Paréceme unha aventura moi interesante. No caso do conto *A lingua das bolboretas* eu tiña unha moi boa relación co director José Luis Cuerda e co guionista Rafael Azcona.

P: _____

R: Eu sempre publico primeiro en galego. A miña experiencia coas traducións foi moi positiva e alentadora.

P: _____

R: Na actualidade, hai un aspecto novo e esperanzador que non existiu noutros momentos da literatura en Galicia: o público, un público que abraza a os seus escritores. Isto é moi importante para a cultura, sobre todo de cara a un futuro.

P: _____

R: O obxectivo final é crear, facer cousas novas, remover a terra para que nela poidan seguir medrando as letras galegas.



4. Podes poñerlle título á entrevista?

5. Coñeces a persoa entrevistada e a súa obra?

6. Segundo o que di o entrevistado, escolle catro adxectivos que definan o seu carácter.

7. Angélica quere saber como son fisicamente Antón Reixa e Cristina Pato, mira as fotos e descríbeos.

8. Das catro persoas famosas anteriores, con quen te levarías ben? Por que?
Con cal deles farías isto? Con cal non? Explica por que.

traballar

viaxar a unha illa deserta

ter un fillo

ir ao cine

falar de política

ir a un concerto

facer unha película

casar

tocar o piano

9. Faillle as mesmas preguntas a un compañeiro. Cón-
talle despois ao resto da clase o que máis che chamou
a atención.





Os maiores e a internet

A Antes de ler o texto, comenta co teu compañeiro ou compañeira as seguintes cuestións:

- *Que cres que debe ser o máis difícil para os maiores no uso da internet.*
- *Que temas cres que poden ser do seu interese na internet.*



Cada vez son máis os nosos anciáns que se asoman ao mundo da internet e á sociedade do coñecemento. Un ámbito que lles pode achegar moitas máis vantaxes das que podemos pensar nun comezo.

Aos maiores interésalles a internet e o mundo relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), teñen unha gran capacidade de aprendizaxe e moita gana de aprender todo o que se refire ás novas tecnoloxías. Participan en cursos de iniciación á informática, aprenden rápido a manexar o ordenador, o rato, o teclado, así como os correos electrónicos e a videoconferencia. Os maiores danlles un enfoque práctico a estes coñecementos.

"O que máis buscan son webs sobre saúde, para consultar algúns problemas que lles poden preocupar. Logo, en xeral, gústalles moito viaxar a través de páxinas culturais, museos e cousas semellantes", afirma José Carlos Millán Calenti, catedrático que dirixe o Grupo de Investigación en Xerontoloxía da Universidade da Coruña e autor do libro *Os maiores e internet*. Outros navegan por vicio, coma María Amelia López Soliño, autora de "amis95.

blogspot.com", unha bitácora na que, grazas á transcripción que fai o seu neto, conta as súas lembranzas, afeccións e ideas; ou Julio Mancebo Moreiras que, con 64 anos, mantén "A miña Baiuca", unha bitácora onde vai facendo memoria, unha por unha, de todas as casas da súa aldea.

Hai aínda un elevado descoñecemento das novas tecnoloxías e unha certa resistencia a empregar o ordenador por medo a estragalo por parte dos maiores. Os usuarios da terceira idade necesitan ligazóns intuitivas e moi claras e prefiren imaxes nidias e de calidade.



As TIC poden achegar toda unha serie de posibilidades que prometen mudar moitos dos tópicos da terceira idade. Un dos empregos máis habituais dos ordenadores para anciáns en residencias e centros semellantes son os programas informáticos que permiten desenvolver a memoria e os reflexos. É nesta liña onde se desenvolven os traballos do Grupo de Xerontoloxía relacionados con estas tecnoloxías.

A última iniciativa deste grupo de investigación é a Telexerontoloxía. O proxecto incide nas posibilidades que as TIC achegan para mellorar a calidade de vida da xente de idade e mais a asistencia aos anciáns. Algúns servizos teñen como destinatarios finais os membros da terceira idade, pero a maior parte do proxecto vai dirixido a aquelas persoas que os teñen ao seu cargo. Localización de usuarios, teleconsultas médicas, desenvolvemento de terapias grupais a distancia... son algunhas das propostas.

É de prever, para un futuro próximo, unha maior implicación das persoas de máis idade coas novas tecnoloxías. Nestes momentos, a xente nova non pode vivir sen as novas tecnoloxías e emprégaas a diario, os maiores do futuro serán esta xente nova e estarán moi afeitos ás novas tecnoloxías. E xa non vai ser estraño facer videoconferencias cos avós.

A inclusión dixital e o emprego das TIC para mellorar a calidade de vida é unha das propostas básicas que se inclúen no plan E-europe 2010 da Unión Europea para difundir estas tecnoloxías.







(Adaptación de www.culturagalega.org Santiago. Redacción. 14/02/2007)

- B** Agora, coa información que tes, escribe un anuncio para animar os maiores dun centro social do teu barrio ou vila a facer un curso sobre internet.



Que che suxiren estas palabras?



Compara os teus resultados cos de varios compañeiros. Coincides?



Elaboramos un cuestionario para coñecer mellor os compañeiros e as compañeiras

1. Decidimos, en grupo, cales son os temas máis importantes para coñecer a xente.

A min gustaríame saber que tipo de deportes practican os nosos compañeiros.

Pois eu creo que é mellor saber se hai máis xente solteira ou casada...

Eu preguntaríaalles que comen.

2. Formulamos, individualmente, preguntas concretas.

3. Agora, en grupo, eliximos as mellores preguntas e facemos o cuestionario.

Eu creo que sería mellor escoller esta pregunta porque a min a outra paréceme moi agresiva.

Pois eu odio ese tipo de preguntas.

4. Completamos a ficha de cuestionario.

Pregunta 1:
Pregunta 2:
Pregunta 3:
Pregunta 4:
Pregunta 5:
Pregunta 6:
Pregunta 7:
Pregunta 8:
Pregunta 9:
Pregunta 10:

5. Cada un faille a entrevista a outro compañeiro.

6. Presentámoslle o entrevistado ao resto da clase.



Que sei facer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Dar e pedir información sobre persoas.			
Describir a personalidade e o aspecto físico dunha persoa.			
Falar de sentimentos e relacións persoais.			
Usar os verbos reflexivos e pronominais para falar de sentimentos e relacións persoais.			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



Transcripción do audio

1. Actividade introdutoria.

ROSA: Ola Angélica! Como che vai?

ANGÉLICA: Ben, ti que tal?

ROSA: Non hai queixa, agora que empeza o curso espero coñecer xente nova, odio pasar o día limpando a casa, isto de traballar pola noite... E ti? Por fin animácheste a vir!

ANGÉLICA: Si, a ver se así consigo entender mellor os velliños cos que traballo, encántame falar con eles, pero ás veces non os entendo moi ben.

ROSA: Pois eu quero desconectar un pouco da vida familiar, ao meu irmán, a Pedro, só lle interesa o fútbol e navegar pola internet. Pasa as tardes mirando os partidos na televisión.

ANGÉLICA: A min gústame o cine, podemos quedar unha tarde.

ROSA: De acordo. Aí vén Xaime, a ver que vos presento.

XAIME: Boas! Que cedo chegastes!

ROSA: Ola Xaime, esta é Angélica, é venezolana, pero xa leva un ano en Galicia, quere aprender ben o galego e tamén a tocar a gaita.

XAIME: Moito gusto, eu nacín en Madrid, pero os meus pais son galegos e agora vivo aquí con eles.

ANGÉLICA: Encantada.

ROSA: Angélica coida os pais de Fernando.

XAIME: Que Fernando?

ROSA: O meu veciño, o moreno de pelo longo, que leva sempre unha cola de cabalo, o que ten dous cans, non sabes?

XAIME: Si, hai moito que non o vexo, desde que empecei co grupo afasteime un pouco, pero vexo que ti non lle quitas ollo.

ROSA: Xaime toca a gaita, pódete aprender.

XAIME: Si, normalmente érgome cedo para ensaiar, pero hoxe pegáronseme as sabas. Por certo, esta fin de semana hai un concerto de Cristina Pato, se queres vir...

ANGÉLICA: Quen me dera! Gustaríame moito. Non a coñezo, como é?

ROSA: Vaia, e eu que vos quería propoñer a última película de Antón Reixa.

ANGÉLICA: Quen é Antón Reixa?